

## Dereito ao apupo

Escrito por Xabier P. Igrexas  
Martes, 12 Febreiro 2013 04:10

---



O Partido Popular reiterase na súa xordeira case alérxica perante a mínima crítica. Fíxoo hai poucos días por boca da presidenta do Parlamento de Galiza. Pilar Rojo logo de acuartelar o Pazo do Hórreo --expulsando da grada de convidados a estafados polo calote das preferentes-- quixo elevar a norma a súa arbitrariedade antidemocrática, pretendendo establecer unha peneira interesada, censurando quen pode ou non acceder ao hemiciclo. Hai quen para alén de gobernaren contra o pobo queren seguir ao facer sen ter que aturaren a máis mínima verba de protesta ou o menor reproche das vítimas que padecen as súas accións e omisións. Democracia representativa, seica, na que os representantes suplantan o suxeito representado. Democracia formal (e cada vez menos) en parlamentiños de cartón pedra.

A Rojo vén de sumárselle Dolores de Cospedal. Se a primeira se escudaba na defensa da “dignidade parlamentar”, a segunda fixo bandeira dos “símbolos nacionais”. Isto é do Borbón e da marcha militar que o Reino de España ten por himno. Todo tras a asubiada inmensa que El-Rei tivo que escoitar na final da copa de baloncesto en Gasteiz, ademais dos berros de “fóra, fóra!”. Unha acción espontánea do público presente que a secretaria xeral do PP cualificou de “absolutamente reprobábel”, gastando con cinismo maior dureza na adxetivación que ao cualificar por exemplo o escándalo infame dos sobre-soldos do caso Bárcenas. Pero non quedou aí. Cospedal mesmo se atreveu a formular a necesidade de “sancionar dalgunha maneira” aqueles actos ou comportamentos que segundo ela “ofenden os símbolos de todos os españois”. Multas? Cárcere? Lei anti-apupos? U-lo respecto ao exercicio do dereito de libre expresión? U-la protección da liberdade de crenza e pensamento?

Quen reduce a democracia a un rito formal, á simulación da escolla electoral cada catro anos quer tamén agora negarnos a posibilidade de expresar libremente a nosa opinión, sobre todo se é de oposición ou rexeitamento, alén das urnas. Á ringleira dos dereitos civís cernados, das liberdades ilegalizadas, queren sumar unha nova prohibición. A de nos negar o dereito ao apupo.

## **Dereito ao apupo**

Escrito por Xabier P. Igrexas  
Martes, 12 Febreiro 2013 04:10

---

Apupemos e que lles proa.

**Xabier P. Igrexas**

@contradiscurso | [www.contradiscorso.net](http://www.contradiscorso.net)